

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VIMIANZO
Edificio	Ermida de Montetorán en Bamiro
Dirección	
	43.1449648 -8.969103
Protección	
Descricion	<p>O santuario da Nosa Señora de Montetorán, en Bamiro, é un bo exemplo dos tantos que hai por toda Galiza no alto do cume dun monte ou dun outeiro. Por seren considerados un lugar satánico e maldito, normalmente se sacralizaron coa construción dunha pequena ermida. Esta data do século XVIII, coas características propias deste estilo: un presbiterio cuadrangular, con teito cara ao centro e unha pequena nave rectangular de menor altura có presbiterio. Esta última é a parte máis antiga da capela, datable na primeira metade do XVIII. Vai cuberta por unha sinxela bóveda de cruzaría nervada, sobre mensuliñas. A nave vai cuberta cunha bóveda de canón, reforzada por dous arcos faixóns volteados sobre ménsulas. A capela maior comunícase coa nave a través dun arco triunfal de medio punto volteado sobre pilastras apegadas. No exterior, o presbiterio cóbrese cun tellado a catro augas e a nave a dúas vertentes (a do lado sur alóngase para cubrir o pórtico lateral dese lado). As paredes están formadas de bloques graníticos de corte moi irregular. As xuntas encintáronse e caleáronse. A fachada é de cantería con pezas de corte irregular pero dispostas simetricamente ao redor dun eixe central vertical imaxinario. Neste eixe superpóñense a porta de entrada, un fornello rematada en medio punto que acolle unha imaxe da Piedade sobre unha vieira, e a espadana, dun só corpo de dous machóns onde se sitúa unha campá protexida por unha reixa de ferro. O lugar presuntamente máxico onde se encrava esta ermida, rodeada por unha carballeira e por grandes laxes graníticas, fai que sexa un lugar de peregrinación e rituais de cura de doenzas. WIKIPEDIA (06-03-2017)</p>
Campás	
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	
Data	

Información completa: [Ermida de Montetorán en Bamiro - VIMIANZO \(GALICIA\)](#)

PDF (28-06-2026)